

MEMORIA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTALLA DE VILAOSSENDE (RIBADEO)

1.- O decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

A Dirección Xeral de Administración Local, integrada na estrutura desta vicepresidencia e consellería, ten entre os seus obxectivos contribuir á cohesión territorial e equilibrar as disparidades no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuír á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias.

Neste sentido, a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

2.- As asociacións de veciños están reguladas nos artigos 255 e 256 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e neles reflíctese que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Tendo en conta os principios inspiradores das relacións entre Administracións Públicas, aínda que a colaboración interadministrativa non se dea de forma directa entre a Comunidade Autónoma e o Concello, a concesión da axuda á Asociación repercute positivamente na poboación municipal e por conseguinte na actividade ordinaria do Concello. Queda patente por tanto que, a colaboración na protección de bens de interese local a través de Asociacións constitúe unha competencia da Dirección Xeral de Administración Local, cuxo contido económico se xestiona desde a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Polo exposto correspóndelle á citada Secretaría Xeral Técnica asumir a concesión da axuda, en tanto en canto constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais.



Así, esta Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten interese en colaborar con axudas específicas para investimentos destinadas a asociacións de veciños, coa finalidade de mellorar a calidade da vida local e a prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación básica de réxime local.

A Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende expuxo a necesidade da contrucción dun muro de peche no cemiterio parroquial, así coma o acondicionamento do camiño de acceso peatonal ao cemiterio parroquial. O muro de peche perimetral é imprescindible para darlle seguridade ao recinto do cemiterio, xa que o terreo colindante está nun plano superior.

A Diócese de Mondoñedo-Ferrol autorizou á Asociación a levar a cabo estas obras no cemiterio parroquial, contando cos permisos pertinentes de acordo coa legalidade vixente.

3.-Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2022.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende para a construcción dun muro de peche e da rehabilitación do acceso peatonal ao cemiterio parroquial.

5.- Esta Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar coa Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende no desenvolvemento deste proxecto, que contribuirá a mellorar a calidade de vida dos veciños.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrència pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados neste convenio de colaboración, a Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende achegará á Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende a cantidade de CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (14.997,95 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

8.-Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E5, "Gobernanza"
- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión"
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"
- Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, conséntase que os indicadores de seguimento vixentes para o proxecto 2015 00121 son o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 3 entidades e o INFAN1/Porcentaxe de gasto en infancia, cun valor previsto de 14,33.



Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde coa Asociación de veciños de Santalla de Vilaosende, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3	2
INFAN1/ Porcentaxe de gasto en infancia	5-PEG	14,33	14,33

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz

